



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.



equipos orientación específicos

SOBREDOTACIÓN INTELECTUAL



1. PRESENTACIÓN

A educación de alumnos/as con capacidades superiores excepcionais é un tema de enorme actualidade na nosa sociedade.

A LOE (Lei orgánica 2/2006), no seu Título II, fala de alumnado con altas capacidades intelectuais. Recoñece a estes alumnos/as como suxeitos con necesidade específica de apoio educativo e, xa que logo, como parte da diversidade do alumnado dun centro educativo, teñen dereito a beneficiarse de todas aquelas medidas e recursos educativos de que os centros dispoñen para a atención a esa diversidade. Ben certo é que a maioría dos esforzos, enerxías e recursos dos centros se empregan no mesmo lado: as dificultades de aprendizaxe.

En Galicia, inda que queda moito camiño por andar, estas carencias estanse emendando: dótanse os equipos de orientación específicos provinciais con profesionais especialistas en sobredotación e os centros de secundaria e primaria xa contan con orientadores escolares e profesorado de apoio. Os recursos existen, o cambio de enfoque e mentalidades para pasar de rendementos aceptables a rendementos excelentes será o desafío ao que nos enfrontamos todos.

Partimos de que no noso país a atención ás altas capacidades non é unha cuestión de opcionalidade, senón un dereito que legalmente teñen recoñecido estes alumnos/as (Real Decreto 696/1995 e Orde de 24 de abril de 1996). Polo tanto, deben ser identificados e, lonxe de poñerlles unha etiqueta que poida supor un obstáculo para eles ou para elas, haberá que traducir a súa excepcionalidade a necesidades educativas. Iso implicará indubidablemente axustar a resposta educativa en función desas necesidades.

Nesta liña, este documento dirixido á comunidade educativa, en xeral, ten a finalidade de informar e contribuír a que se compartan, entre familias e docentes, puntos de vista e actitudes que fovorezan a necesaria complementación e colaboración na educación deste tipo de alumnos/as.

2. ASPECTOS CONCEPTUAIS

A LOE (Lei orgánica 2/2006 de educación), no seu Título II, fala de alumnado con altas capacidades intelectuais. Recoñece estes alumnos e alumnas como suxeitos con necesidade específica de apoio educativo.

Este alumnado, xa que logo, como parte da diversidade do alumnado dun centro educativo, ten dereito a beneficiarse de todas aquelas medidas e recursos educativos que os centros dispoñen para a atención a esa diversidade.



Polo tanto, a atención ás altas capacidades non é unha cuestión de opcionalidade, senón un dereito que legalmente teñen recoñecido estes alumnos/as (Real decreto 696/1995 e Orde do 24 de abril de 1996).

Este colectivo vén a supor entre un 1% e un 2% da poboación.

Falamos de sobredotación intelectual cando unha persoa amosa un perfil cognitivo formado pola combinación de aptitudes converxentes como a lóxica, a memoria, o razoamento etc. e aptitudes diverxentes como a creatividade. En todas elas os valores teñen que estar por enriba do 75% de competencia en cada factor.

Estas persoas posúen unha forma de procesamento da información cualitativamente distinta á dun suxeito normal: teñen unha capacidade intelectual superior á media, manteñen unha alta perseveranza nas tarefas que os motivan, amosan un afán de logro moi superior a outros nenos da súa idade e mostran unha alta creatividade.

3. ¿COMO SON ESTES ALUMNOS/AS?

Cómpre partir de que un alumno ou alumna con altas capacidades é unha persoa, e como tal é única, coas súas propias características, tanto intelectuais como sociais ou emocionais. Dende esa diferenza que conforma o seu modo de ser individual, estes suxeitos amosan tantas diverxencias entre si como o resto dos nenos aos que consideramos como normais. A heteroxeneidade, igual que ocorre cos outros nenos, é tamén propia deste colectivo.

Con todo, existen unha serie de características específicas que, en maior ou menor número, se soen dar nos sobredotados/as e en alumnos/as con altas capacidades:

- Dominan e lembran rapidamente a información.
- Teñen unha curiosidade excepcional.
- Boa comprensión da relación causa-efecto.
- Formulan preguntas minuciosas diferentes ás dos seus iguais.
- Captan con facilidade a información implícita cun mínimo de explicación.
- Mostran facilidade para xeneralizar e extraer os aspectos importantes dunha complexidade.
- Establecen relacións inusuais diferentes ás convencionais.
- Pasan do concreto ao abstracto con facilidade.
- Son perseverantes en finalizar as tarefas.
- Mostran gozo intelectual: imaxinan, fantasían, manipulan ideas...
- Len con moita rapidez e teñen unha comprensión moi elevada.
- Aprenden con facilidade e rapidez cando están interesados.
- A súa memoria non é simplemente repetitiva. Relacionan, interpretan datos e elaboran novas ideas.



- Presentan unha capacidade cognitiva excepcional para aprender, reter e utilizar a información.
- Manteñen durante longos períodos de tempo o interese por unha ou varias áreas de coñecemento.
- Son creativos e imaxinativos.
- Son autónomos no seu traballo.
- Teñen alta motivación persoal.
- Mostran capacidade de liderado. Sensibilidade social.
- Demostran fino sentido do humor.
- Son autocríticos e críticos.
- Teñen unha excelente capacidade para captar aquela información que os outros non captan.
- Ven conexións entre conceptos diferentes.
- Producen traballos únicos e sorprendentes.
- Mostran destreza superior para resolver problemas, aos que se enfrontan como un reto persoal.
- Incorporan á linguaxe oral un vocabulario avanzado que, utilizado de modo axeitado, é unha estrutura lingüística complexa.
- Demostran comprensión e elaboración excepcional de ideas complexas.
- Presentan un nivel elevado de indagación.
- Teñen flexibilidade de pensamento.
- Mostran gran curiosidade orientada á comprensión. Tratan de atopar o sentido das cousas, non memorizalas de forma mecánica.

Foise conformando a idea de que estes alumnos/as amosan unha serie de trazos de personalidade, condutas e actitudes que os constitúe nun grupo especial e problemático.

En contra desta crenza, xa bastante xeneralizada entre a poboación, o certo é que os trazos de personalidade e de axuste ao contorno social distribúense de xeito independente da configuración intelectual, polo que se poden atopar variacións dos trazos de personalidade similares ás do resto da poboación.

Hai que salientar que son moitos os factores que interveñen na conformación do autoconcepto e axuste psicosocial, polo que un alumno ou alumna con altas capacidades non ten por que ser necesariamente un suxeito especial con desaxustes emocionais e dificultades de adaptación social.

4. QUEN E COMO SE INICIA O PROCEDEMENTO DE IDENTIFICACIÓN

O inicio do procedemento sitúase no momento en que, dende o contorno familiar ou escolar, se presenten indicios de que un determinado alumno/a podería manifestar aptitudes intelectuais excepcionais. Nese momento o profesor/a titor/a, coa conformidade do pai e da nai ou titores legais, solicitaralle ao departamento de orientación do centro que realice unha avaliación psicopedagóxica individual do alumno. Tamén existen centros que, incluídos nos seus plans de atención á diversidade, xa dispoñen do seu propio



plan de atención ás altas capacidades e que todos os anos levan a cabo dun xeito sistemático tarefas de identificación e de resposta educativa para este tipo de alumnos/as. Evidentemente, en calquera dos casos, o orientador/a poderá contar coa colaboración do responsable da especialidade de Sobredotación Intelectual do equipo de orientación específico provincial (EOE).

De calquera xeito, para os pais e nais o primeiro referente escolar será o profesor/a titor/a do neno. Calquera indicio observado no contorno social ou familiar que os poida levar a unha sospeita razoable dun comportamento excepcional do seu fillo/a deberá poñerse en coñecemento do profesor/a titor/a, como parte da sa e imprescindible colaboración familia-escola.

A continuación, o profesorado titor pasará a información ao orientador/a do centro e será este, en colaboración co especialista do equipo de orientación específico, se é o caso, o encargado de realizar a avaliación psicopedagóxica pertinente que permitirá a constatación ou non das altas capacidades. No caso de que o centro estea desenvolvendo o seu propio plan de atención ás altas capacidades, o proceso será á inversa. Neste caso será o profesorado titor quen informará do proceso á familia do alumno/a.

En definitiva, o sistema educativo galego conta con persoal nos seus centros de ensinanza infantil, primaria e secundaria que garante este proceso de avaliación psicopedagóxica e de resposta educativa a este tipo de alumnado a través dos seus recursos persoais dispoñibles, como son: os profesores tutores, os profesores de apoio, os departamentos de orientación e os equipos específicos de orientación.

A atención a este tipo de alumnado non depende do voluntarismo duns cantos profesionais interesados neste tema. Pola contra, está regulada por varias leis de carácter nacional e autonómico e, xa que logo, non é unha cuestión de opcionalidade, senón un dereito que ten recoñecido este alumnado. Pero, en todo caso, a intervención é moito máis necesaria cando se observan factores de risco: problemas de adaptación, fracaso escolar etc.

Por outra banda, é moi recomendable que entre a familia e a escola existan canles de comunicación que permitan unha fluidez na colaboración e non se adopten posturas paralelas, ás veces enfrontadas, onde non hai posibilidades de chegar a acordos e onde, o que podería complementarse coa axuda dunha e máis a outra parte, podería chegar a restar, co conseguinte prexuízo para o alumno/a.

No referente á avaliación psicopedagóxica, a familia ha de ter en conta que:

A dita avaliación debe realizarse unicamente cando existen indicios suficientes dunha posible excepcionalidade que apunte a altas capacidades específicas ou sobredotación intelectual.



É moi importante non crearse falsas expectativas namentres non se conclúa o proceso diagnóstico.

A avaliación debe ser realizada por profesionais oficialmente acreditados para que teña validez para os efectos de recoñecemento legal.

A familia debe ter información sobre o proceso que se está a seguir co seu fillo/a e debe prestar a súa colaboración.

O diagnóstico polo diagnóstico non é recomendable. Da avaliación psicopedagóxica realizada deberán concretarse as medidas de resposta educativa a levar a cabo, tanto a nivel curricular como organizativo e de materiais e medios de acceso a ese currículo, así como outras medidas complementarias que poida levar a cabo a familia.

5. A ATENCIÓN AO NENO/A CON ALTAS CAPACIDADES NO ÁMBITO FAMILIAR

O medio familiar pode contribuír enormemente ao desenvolvemento das capacidades do neno ou nena ao axudarlle mediante a estimulación que a propia familia proporciona aproveitando os recursos que a comunidade ofrece e colaborando estreitamente co centro educativo ao que asista o alumnado.

Para isto é conveniente ter en conta as seguintes reflexións que, como froito da experiencia educativa, fan a maioría dos estudosos deste campo:

- Un neno/a con altas capacidades debe ser ante todo un neno, de tal xeito que se lle ha de procurar un ambiente estimulante pero sen agonialo, todo iso nun contexto de seguridade persoal e emocional.
- Un contorno familiar conflitivo repercute negativamente na concentración, na motivación e no rendemento do alumno/a.
- Deberase respectar a súa personalidade, aceptándoo tal como é na realidade, cos seus aspectos positivos e negativos, procurando que se sinta querido. Ter un fillo/a con altas capacidades non é ningunha enfermidade ou desgraza.
- Anímallo/a a que manteña a súa propia autoestima pero sen sobreeloxios. Non convén "colgarlle" a etiqueta de excepcional. Máis ca o nome interesan os seus comportamentos e feitos.
- Calquera actividade cotiá realizada na casa ou fóra dela pode ser fonte de estímulo para o neno/a.
- As enciclopedias, libros, xogos de diverso tipo, instrumentos e audicións musicais, deportes... son estímulos que permiten a expansión de intereses coa conseguinte mellora de capacidades.



- Motivalo, pero sen agonialo. Evitar o exceso de actividades extraescolares.
- Aproveitar os recursos que a comunidade ofrece: museos, parques, conservatorios de música, acuarios, teatro, concertos, exposicións etc.
- As visitas ou viaxes fóra do círculo cotián son susceptibles de aproveitamento para aprender sobre a planificación de rotas e sitios a visitar.
- Tentar responder as preguntas e as dúbidas dentro dun clima de liberdade e naturalidade. Hai que ter en conta que é posible un desfasamento entre o desenvolvemento cognitivo e emocional, co que algunhas preguntas poden resultar “infantís”. O clima de diálogo e confianza é fundamental.
- É importante respectar o seu traballo e non interrompelo cando está concentrado en algo que o apasiona, sempre e cando isto non supoña un abandono doutras responsabilidades ou quebranto das normas de convivencia familiar.
- Interesa fomentar hábitos de orde: o seu cuarto, xoguetes, libros etc. Os pais deben ser coherentes con ese espírito de orde.
- A sistematización do traballo diario, a continuidade, a capacidade de esforzo, a distribución horaria do seu tempo, o establecemento de prioridades, a actitude positiva e a comunicación co seu contorno próximo, a humildade para aprender son factores que poden contribuír ao seu éxito escolar e persoal
- Coidar que non salte duns temas a outros por capricho, sen afondar abondo.
- Controlar o excesivo perfeccionismo e a autocrítica. Axudarlle a programar actividades acordes coa realidade.
- Non pretender que vai ser excelente en todo
- Convén que dispoña de tempo e lugar axeitado para o estudo que debe exercer diariamente.
- Debe facilitárselle a forma autónoma de traballar. Poucas axudas. As orientacións deben ir enfocadas a materiais de consulta, bibliotecas etc. Nunca facerlle as tarefas. Si axudarlle a planificalas xunto cos seus deberes, obrigas e proxectos na casa e na comunidade.



- A súa propia autorregulación, en oposición a un excesivo directivismo dos adultos, será unha meta que cumprirá conseguir.
- É moi importante para a súa autoestima eloxialo polos logros e a perseveranza, tendo sempre en conta a “fina” fronteira entre animar e agoniar.
- Deben evitarse as comparanzas con irmáns ou amigos. Non hai privilexios. A disciplina debe ensinarse igual ca aos demais.
- Colaborar co centro educativo estreitamente. En caso de desacordo coa filosofía do profesorado, non convén compartir a perspectiva co neno, pois isto podería converterse nunha perfecta desculpa para non facer o que o profesor lle pida. En caso necesario, é conveniente recorrer ao profesor/a titor/a, ao orientador/a ou ao director/a do colexio para expoñerlle os motivos das súas inquedanzas.
- Aproveitar as posibles actividades extraescolares que o centro planifica.

7. TIPOS DE MEDIDAS DE RESPONSA EDUCATIVA

A LOE establece como un dos seus principios fundamentais asegurar o dereito individual a unha educación de calidade. Isto implica recoñecer as diferenzas individuais do alumnado e planificar a resposta educativa de acordo coas súas características. O alumnado con altas capacidades é recoñecido como suxeito con necesidade específica de apoio educativo, isto quere dicir que estes alumnos poden beneficiarse de todas aqueles recursos persoais e materiais, así como daquelas medidas que dispoñan os centros para a súa atención.

Partimos, pois, de que no noso país a atención á sobredotación non é unha cuestión de opcionalidade, senón un dereito que legalmente teñen recoñecido estes alumnos/as. Polo tanto, o alumno/a superdotado ha de ser identificado e, lonxe de poñerlle unha etiqueta que poida supor un hándicap, haberá que traducir a súa excepcionalidade a necesidades educativas. Iso implicará indubidablemente axustar a resposta en función desas necesidades.

Os centros educativos han de contemplar obrigatoriamente nos seus proxectos educativos e curriculares tamén a atención a este tipo de alumnado con capacidades sobresalientes. A lei así o establece. Hoxe en día, na comunidade galega, ademais de servizos específicos para este alumnado, todos os centros sostidos con fondos públicos, dentro do seu plan de atención á diversidade, teñen a obriga de dispoñer do seu propio plan de atención ás altas capacidades (art 76 da LOE).



O obxectivo principal dun programa de intervención no eido das altas capacidades, ha de ser o de poder contribuír a proporcionarlle ao alumnado con potenciais excepcionais unha atención académica e persoal que evite a súa inadaptación ou fracaso. Todo elo sen segregalo, senón, ao contrario, partindo do currículo, favorecendo a súa integración e contribuíndo á desmitificación da sobredotación intelectual e das altas capacidades. Preténdese que a atención a este tipo de alumnado non sexa algo extraordinario que ocorre de cando en vez, senón algo común nas dinámicas dos centros sen ningún tipo de halo de estrañeza ou espectacularidade.

O actual sistema educativo propón unhas liñas de actuación baseadas na aceleración e no enriquecemento curricular dos alumnos/as, sen realizar un agrupamento en centros docentes específicos.

A lexislación galega, consonte á lexislación nacional, contempla varias formas de resposta educativa para estea alumnado. As medidas de resposta educativa deben aplicarse dun xeito progresivo, empezando sempre polas menos extremas. En todo caso, serán as necesidades educativas do alumnado as que han de determinar a aplicación desas medidas.

Existen diversas tipos de medidas de resposta educativa que implican a posta en práctica de axustes curriculares e organizativos:

Programas de enriquecemento horizontal

Van dirixidos fundamentalmente ao eido procedemental e non supoñen modificacións dos obxectivos, contidos ou criterios de avaliación. Van enfocados a un afondamento en obxectivos e contidos propios dun curso ou ciclo e abranguen aspectos como: a mellora cognitiva; o desenvolvemento da creatividade; o desenvolvemento metacognitivo; a ampliación e afondamento da información e a optimización de hábitos e de estratexias de resolución aplicadas ás distintas áreas de traballo.

Trátase, xa que logo, de ir introducindo na programación da aula unha serie de técnicas metodolóxicas e actividades que complementen a oferta educativa ordinaria. Así terán importancia as estratexias de busca de información; as estratexias autoorganizativas: establecemento de prioridades, organización dos recursos; estratexias inventivas e creativas; estratexias analíticas; estratexias para a toma de decisións

Os programas de enriquecemento vertical, dentro dos que salientamos:

1- As adaptacións curriculares de ampliación.

Implica unha ampliación dos obxectivos, contidos ou criterios de avaliación. Poden ampliarse e introducirse outros correspondentes a cursos ou niveis posteriores. Esta medida, porén, non supón un cambio de curso do alumnado, senón que se levará a cabo dentro do grupo ordinario que lle corresponde por idade.



2.- As adaptacións curriculares de ampliación con cambio parcial de grupo.

O alumnado sobredotado pode cursar unha ou varias áreas ou materias cun grupo ordinario dun nivel inmediatamente superior. Están dirixidas a aquel alumnado que destaca especialmente nalgũa área ou materia na que xa teñen acadados os obxectivos propios do seu nivel.

3.-As adaptacións curriculares de ampliación con incorporación a grupos específicos de apoio.

Esta medida supón a incorporación do alumnado a grupos de diferente nivel de competencia curricular durante algunhas horas á semana, o que lle permitirá traballar en grupos reducidos determinados programas, materias ou actividades que supoñan unha ampliación do currículo ordinario.

4.-As aceleracións.

Os programas de aceleración consisten na promoción do alumnado a un curso superior ao que lle corresponde pola súa idade.

As aceleracións poderán ser progresivas, parciais ou totais, en función das necesidades educativas do alumnado e da situación contextual na que se desenvolva.

Todas estas medidas deberán verse complementadas coa implementación de programa específicos de actuación que serán diferentes en función da idade dos nenos e nenas e, xa que logo, do ciclo ou curso no que se apliquen. Estes programas deben incluírse no propio currículo da aula e, en xeral, pode beneficiarse deles outro alumnado que, sen chegar a ser sobredotado, tamén pode desenvolverlos. Referímonos a programas para aprender a aprender; para aprender a pensar; para o desenvolvemento da creatividade e pensamento diverxente; programas para o desenvolvemento matemático; literatura creativa; taller de inventos; pequenas investigacións etc.

Antes da aplicación de calquera das medidas de resposta educativa citadas, é necesario que os servizos de orientación de que dispón a Consellería de Educación realicen unha exhaustiva avaliación psicopedagóxica.



8. RECURSOS EDUCATIVOS ALTAS CAPACIDADES

BIBLIOGRAFÍA

TRATAMENTO DAS HABILIDADES SOCIAIS

- CEREJIDO SAMOS, I. Programa de estratexias do pensamento social e creativo. EOS (Nivel: ISO).
- DE TENA, C.L.; RODRÍGUEZ, R.I. e SUREDA, I. (2001). Programa de competencia social. Málaga: Alxibe. (3º ciclo e ISO).
- MARTINEZ LÓPEZ, M.M. (1998). As habilidades sociais na escola. Valencia: PROMOLIBRO. Aplicación: Educación Primaria.
- MONXAS CASARES, M.A. (2000). Programa de ensino de habilidades de interacción social (PEHIS) para nenos e adolescentes. Madrid: CEPE.
- PORRO, B. (1999). A resolución de conflitos na aula. Barcelona: Paidós Ecuador.
- VALLÉS ARÁNDIGA, A. (1994). Programa de reforzo das habilidades sociais.
- VALLÉS ARÁNDIGA, A. (1995). Autocontrol. Adestramento en actitudes, valores e normas. Educación para a convivencia escolar. Alcoy: Marfil.
- VALLÉS ARÁNDIGA, A. E VALES TORTOSA, C. (1997): Programa de solución de conflitos interpersoais I. Madrid: EOS.
- VALLÉS ARÁNDIGA, A. E VALES TORTOSA, C. (2000): Habilidades Sociais e autocontrol. Guía didáctica e recursos educativos. Alcoy: Marfil.
- VALLÉS ARÁNDIGA, A. E VALES TORTOSA, C. (2000): Habilidades Sociais. 1º ciclo (2º ciclo e 3º ciclo) de Educación Primaria. Alcoy: Marfil.
- VARIOS (1997): ESCePI. Ensino de soluciónes cognitivas para evitar problemas interpersoais. Programa de ensino de habilidades sociais e educación en valores para a convivencia. Bilbao: Albor.
- VARIOS (1999). AVANCEMOS. Ensino de Habilidades Sociais para Adolescentes (12-18 anos). Bilbao: Albor.

AUTOESTIMA

- ALVAREZ HERNÁNDEZ, J. (1998). Programa de crecemento persoal e desenvolvemento da autoestima. CRECER 2. Valencia: PROMOLIBRO.
- MACHARGO, J., ALONSO, E. e PÉREZ, F. Programa de actividades para o desenvolvemento da autoestima (PA.D.A. -2). Madrid: Escola Española.
- BERMÚDEZ, M.P. (2000). Déficit de autoestima. Avaliación, tratamento e prevención da infancia e a adolescencia. Madrid: Pirámide.
- MARTÍN HERNÁNDEZ, E. (2001). Como mellorar a autoestima nos alumnos. Madrid: CEPE. (12-14 anos) e (14-16 anos).



- VALLÉS ARÁNDIGA, A. (1999). Programa para aumentar a autoestima. Gústame quen son. Valencia: PROMOLIBRO.
- VALLÉS ARÁNDIGA, A. (1999). Autoestima: 2º ciclo de Educación Primaria. Alicante: Marfil. (tamén hai para 3º ciclo de EP e 1º ciclo diso).
- VALLÉS ARÁNDIGA, A. (1999). Programa de estratexias metacognitivas para a aprendizaxe. Metalinguaxe 2. PROESMETA. Valencia: PROMOLIBRO.
- VALLÉS ARÁNDIGA, A. (2000). Sendo intelixente coas emocións 4. SICLE. Valencia: PROMOLIBRO.

ENRIQUECEMENTO COGNITIVO

- BAQUÉS, M. e outros (2002). Proxecto de activación da intelixencia. Madrid: SM
- CALVO NOVELL, C. (1999). Programa para aprender a pensar. Estratexias de pensamento. Valencia: Promolibro.
- GARDNER, H. (2001). Intelixencias múltiples. A teoría na práctica. Paidós.
- GALVE, J.L. e GARCÍA, E.M. (2004). PRGENDA. Programas xenéricos para o desenvolvemento de aptitudes e habilidades. Madrid: CEPE.
- GARCÍA VIDAL, D. e GONZÁLEZ MANJÓN, D. (2003). Programa de reforzo da memoria e a atención II. Madrid: EOS.
- GARCÍA NETO, N. e YUSTE, C. (1995). Reforzo e Desenvolvemento de Habilidades Mentais Básicas. Madrid: ICCE.
- FEUERSTEIN, R. (1989). Programa de enriquecemento instrumental. Madrid: Buño.
- HAYDEE, E. e NENNINGER, E. (2003). Ensinar a aprender. Estratexias cognitivas. Paidós.
- LIPMAN, M. (1976). Programa de filosofía para nenos. Madrid: Edicións da Torre (proxecto didáctico Quirón).
- LIPMAN, m. (1992), La filosofía na aula. Madrid: Edicións da Torre.
- MEGÍA FERNÁNDEZ (Coord.) (1999). Proxecto de intelixencia HARVARD. Madrid: CEPE.
- PÉREZ, L.; BADOS, A. e BELTRÁN, J.A. (1997). Programa Aventura: un curso para aprender a pensar e resolver problemas. Programa de apoio para alumnos con altas capacidades (3 vols.) Madrid: Síntese.
- PRIETO SÁNCHEZ, M.D. e BALLESTER, P. (2003). As intelixencias múltiples. Diferentes formas de ensinar e aprender. Ed. Pirámide.
- REGADEIRA LÓPEZ, A. e SÁNCHEZ MEIXELA, J.L. (2003). Cadernos de adestramento cognitivo creativo. Valencia: Brief. (6 cadernos, 1 para cada nivel de Primaria).
- SERRATE, R. (2004). Cadernos Everest de adestramento da intelixencia. Ed. Everest.
- TORRES MOLINER, I. e SORIANO PUCHE, L. (2002). Domino Dominó. Valencia: Brief.
- TORRES MOLINER, I. e SORIANO PUCHE, L. (2002). Espazo Espacial. Valencia: Brief.



- TORRES MOLINER, I. e SORIANO PUCHE, L. (2003). 100 pasos para o desenvolvemento do talento. Valencia: Brief.
- VALLÉS ARÁNDIGA, A. (1998). Programa de estratexias metacognitivas para a aprendizaxe. Valencia: Promolibro.
- VILANOVA PENA, J.M. (1988). A recuperación da atención. Madrid: CEPE.
- VILARROYA SAMANIEGO, E. Percepción e Atención Visual. Programa para o seu desenvolvemento e afianzamento. Madrid: Escola Española.
- YUSTE HERNANZ, C. (2003). Programa de reforzo. Razoamento II. Madrid: EOS.
- YUSTE HERNANZ, C. e GARCÍA NETO, N. (1995). Reforzo e desenvolvemento de habilidades mentais básicas. Madrid: ICCE.
- YUSTE HERNANZ, C. (1998). PROGRESINT. Programa para a estimulación das habilidades da intelixencia. Orientación espazo temporal. Madrid: CEPE.
- MÉTODO EOS. Para desenvolver potencialidades, destrezas, habilidades, procedimentos, etc. Traballan os seguintes contidos: razoamento, memoria, atención, habilidades sociais, estratexias básicas do pensamento, estratexias do pensamento social e creativo, programa de solución de conflitos interpersoais...

CREATIVIDADE

- BETANCOURT, J. e VALADÉZ, M.D. (2000). Atmosferas creativas. Xoga, pensa e crea. México: Manual Moderno.
- CARRIÓN MARTÍNEZ. J.J e CARRETEIRO PARRA, M. (1998). Programa para o desenvolvemento do pensamento creativo. PROCREA 2. Valencia: PROMOLIBRO.
- CASAS CARBAJO, J. (2000). A creatividade na Educación Infantil, Primaria e Secundaria. Madrid: EOS.
- DE BONO, E. (1986). O pensamento lateral. Barcelona: Paidós.
- DE BONO, E. (1994). O pensamento creativo. Barcelona: Paidós.
- GARAIGORDOBIL, M. (2003). Xogos cooperativos e creativos para grupos de nenos de 8 a 10 anos. Madrid: Pirámide. (Programa Xogo).
- PRIETO SÁNCHEZ, M.D. e outros (2003). A creatividade no contexto escolar. Estratexias para favorecela. Alianza Editores.
- YUSTE HERNANZ, C. (2002). Aprendizaxe intelixente e creativa na escola. Madrid: EOS.
- YUSTE HERNANZ, C. (2002). PROGRESINT 28. Programa para a estimulación das habilidades da intelixencia. Pensamento creativo. Madrid: CEPE.

AMPLIACIÓN CURRICULAR. ÁREA DE LINGUA.

- PÉREZ GONZÁLEZ, J. (1995). Aprendo a redactar. Caderno de composición escrita. Valladolid: A Carruaxe.
- VALLÉS ARÁNDIGA, A. (1997). Programa de redacción. Aprendizaxe da composición escrita. Madrid: Escola Española. Nº 1 para 2º ciclo e Nº 2 para 3º ciclo de Educación Primaria.
- VALES ARÁNDIGA, A. e VALLÉS TORTOSA, A (2000). Linguaxe simbólica. Pictogramas para a comunicación. Valencia: PROMOLIBRO.
- Actividades "Leccións ocasionais" de Linguaxe de 2º e 3º ciclo. Ed. Santillana e ampliación desincre.
- Atención á diversidade. Fichas de control, reforzo e ampliación, Ed. Santillana. (Material fotocopiado que a editorial regala ao colexio que utiliza os seus libros. Areas: linguaxe, matemáticas e C. do Medio).

AMPLIACIÓN CURRICULAR. ÁREA DE MATEMÁTICAS.

- ARGÜELLES RODRÍGUEZ, J.A. (1994). Matemática recreativa e outros xogos de enxeño. Madrid: AKAL.
- BALBUENA CASTELÁN, L. (1994). A matemática recreativa vista polos alumnos. Granada: Proxecto Sur.
- *CALABRIA GARCÍA, M. (1990). Xogos matemáticos. Madrid: AKAL.
- *FISHER, R. e VINVE, A. (1990). Investigando as matemáticas 1 -2. Madrid: AKAL.
- *FISHER, R. e VINVE, A. (1990). Investigando as matemáticas 3 -4. Madrid: AKAL.
- Aplicación: 8 a 12 anos.
- GALVE, J.L., MOZAS, L. E TRALLERO, M. (2005). POIS, ¡ CLARO! 1. Programa de estratexias de resolución de problemas e reforzo das operacións básicas. Madrid: CEPE.
- GALVE, J.L., MOZAS, L. E TRALLERO, M. (2005). POIS, ¡ CLARO! 2 Programa de estratexias de resolución de problemas e reforzo das operacións básicas. Madrid: CEPE.
- GALVE, J.L., MOZAS, L. E TRALLERO, M. (2005). POIS, ¡ CLARO! 3. Programa de estratexias de resolución de problemas e reforzo das operacións básicas. Madrid: CEPE.
- *GALVE, J.L., MOZAS, L. E TRALLERO, M. (2005). POIS, ¡ CLARO! 4. Programa de estratexias de resolución de problemas e reforzo das operacións básicas. Madrid: CEPE.
- GALVE, J.L., MOZAS, L. E TRALLERO, M. (2005). POIS, ¡ CLARO! 5. Programa de estratexias de resolución de problemas e reforzo das operacións básicas. Madrid: CEPE.
- GALVE, J.L., MOZAS, L. E TRALLERO, M. (2005). POIS, ¡ CLARO! 6. Programa de estratexias de resolución de problemas e reforzo das operacións básicas. Madrid: CEPE.



- GALVE, J.L., MOZAS, L. E TRALLERO, M. (2005). POIS, ¡ CLARO! 7. Programa de estratexias de resolución de problemas e reforzo das operacións básicas. Madrid: CEPE.
- SEGARRA, L. (2002). Xogos matemáticos para estimular a intelixencia. Barcelona: CEAC.
- 13. STACEY, K. e GROVES, S. (1999). Resolver problemas: estratexias. Unidades para desenvolver o razoamento matemático. Madrid: Narcea.
- 14. VALLÉS ARÁNDIGA, A. e VALES TORTOSA, C. (1999). Actividades de apoio á área de matemáticas. Resolución de problemas 2. Valencia: PROMOLIBRO.
- 15. VALLÉS ARÁNDIGA, A. Estratexias de memoria comprensiva. Madrid: Escola Española.

AMPLIACIÓN CURRICULAR. ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO.

- Actividades "Leccións ocasionais" de Coñecemento do Medio de 2º e 3º ciclo Ed. Santillana e ampliación desincre.

PUBLICACIÓN PERIÓDICAS ESPECIALIZADAS

- FAISCA. Revista de Altas Capacidades. Editorial Gersam.
- IDEACCIÓN. Revista do Centro Huerta del Rey. Valladolid.
- GIFTED CHILD QUARTERLY. National Association for Gifted Children
- CREATIVE KIDS. Prufrock Press
- SOBREDOTAÇÃO. Revista da (Associação ANEIS Nacional para ou Estudo e a Intervenção na Sobredotação).

PROGRAMAS INTERACTIVOS E APLICACIÓNS INFORMÁTICAS

- Descartes Cover. (6º primaria a 2º ESO) Serie de 6 aventuras matemáticas en CD-ROM. Programa desenvolvido nos EE.UU polo Center for Talented Youth da Universidade Johns Hopkins. Dende un atractivo ámbito gráfico con movementos dun videoxogo inclúe aspectos como a medida, análise de datos, álgebra, resolución de problemas ou xeometría. (Nota. - O programa está en inglés)
- CD CREENA-2. Diferentes programas informáticos para traballar aspectos cognitivos: XOGO DO 15. SOKODAN: desenvolve a capacidade de análise e razoamento. Para EPO. BURBULLAS: para traballar a atención, discriminación visual, coordinación visual. El e EPO. CAMIÑOS: xogo de estratexia e anticipación. EPO. TANGRAM: El e EPO.
VOCÁBULOS: Programa informático para traballar o vocabulario



- CD SINERA 2000- CLIC. Existen diversas actividades en soporte informatizado para traballar o enriquecemento intelectual: atención, razoamento, percepción, memoria, estruturación espacial, pensamento e matemáticas. Cara a ONDE?: orientación espacial. El e 1º EPO. OBSERVACIÓN, LÓXICA E RAZOAMENTO: mediante exercicios de comparación, dedución, asociación, crebacabezas, secuencias lóxicas. EPO e ISO. PASARRATOS: sopa de letras, crebacabezas, encrucillados. 3º EPO. SECUENCIAS: El e 1º ciclo EPO. ADIVIÑA, ADIVIÑANZA: educación primaria. ANIMALADAS: adiviñanzas, xeroglíficos, encrucillados, curiosidades con animais. educación primaria. XEROGLÍFICOS: educación primaria. SOPA DE LETRAS: educación primaria. ENCRUCILLADO CALCULO MENTAL: encrucillado numérico. EPO e ISO. XEROGLÍFICOS MATEMÁTICOS: cálculo mental. EPO e ISO. PROBLEMAS VARIADOS: EPO. CADROS MÁXICOS: EPO. SECUENCIAS: El e 1º EPO (ata 8 secuencias). SERIES: El e EPO. SERIES CÁLCULO: EPO.
- CD IN-XENIO. 100 pasos para o desenvolvemento do talento. Este CD contén actividades que exercitan a capacidade lóxica, o coñecemento aritmético e a percepción espacial. Desenvolve o pensamento intuitivo, creativo e flexible na resolución das diferentes situacións problemáticas propostas.

PÁXINAS WEB

- www.ctys.net
- www.cnice.mecd.es/recursos
- www.ucm.es/info/sees
- www.lanzadera.com/talentos
- www.eduguia.com
- www.altacapacidades.org
- www.cfnavarra.es/creena/superdotados
- www.cienciafacil.com
- www.cienciadivertida.com
- www.ciencianet.com
- www.200.23.166.14/work/656/imagenes/1mjov6.html
- www.muyinteresante.es
- www.uam.es/proyectosinv/estalmat
- www.ucm.es/info/rsef/oef (olimpiadas de física)
- www.anque.es/ilimpiad.htm (olimpiadas de química)



LEXISLACIÓN

- ORDE do 24 de abril de 1996 (BOE 3 de maio 1996)

Ten carácter de norma básica e regula as condicións e o procedemento para flexibilizar con carácter excepcional a duración do período de escolarización obrigatoria do alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual. Determináanse os procedementos de solicitude e de acreditación administrativa no expediente académico.

- ORDE do 28 de outubro de 1996 (DOG de 28 de novembro) pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual.
-
- ORDE do 27 de decembro de 2002 (DOG de 30 de xaneiro de 2003) pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas específicas.

Establece (art. 26) as condicións para a flexibilización da duración da escolarización.

- REAL DECRETO 943/2003, do 18 de xullo, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para o alumnado superdotado intelctualmente.